


ADIANTE

XORNAL

**C.R.A. DE
NARÓN**



Nº-29-2017

EDITORIAL

Un curso máis editamos o noso xornal **ADIANTE**, que xa chega ao número 29, adicado este ano ás culturas e civilizacións: os exipcios, os castrexos, os romanos, os maias e os arqueólogos viaxando polas marabillas do mundo... Destacando as diferentes construcións que quedaron para a Historia.

Recolle este número ademais unha sección sobre algunhas saídas e excursións que realizamos, varios contos e aspectos biográficos da vida do autor homenaxeado este ano nas Letras Galegas: Carlos Casares.

Coma sempre os lectores atoparán pasatempos para aprender e divertirse.

Agardamos que sexa do voso agrado!!

E LEMBRÁDE SEMPRE...

**EN GALEGO, SEN CANCELAS,
FALAN ELES, FALAN ELAS!!**

CADERNO

DE

NOTAS



ESTE AÑO OS NIÑOS E
NIÑAS DE EDUCACION
INFANTIL CONVERTEMO-
NOS EN ARQUEOLOGO^S
VISITAMOS A^S MARAVILLAS
DO MUNDO E ANTES
DE COMENZAR A NOSTRA
AVENTURA PREPARAMOS O
NOSTRO EQUIPO



GOARRO



BOTAS



BRÚXULA

LOVAS



CÂMARA



XPS




CALDEIRO



METRO

CARRETA




PALA




PINCEIS

PICO

CADERNO



A MIÑA PRIMEIRA PARADA FOI O COLISEO ROMANO.
A LÁ DESCUBRIN COMO LOITABAN OS GLADIADORES
COS LEONS ANTE OS OLLOS DO EMPERADOR



A MIÑA SEGUNDA PARADA
FOI UNHA CONSTRUCCIÓN
INCREIBLE "A GRAN MUALLA CHINA"
NON TIÑA FIN ERA MOI MOI
LUNGA. ANDIVEN 21.196 KM.



HOXE CHEGUEI A INDIA

E VIN O TAJ MAHAL

ESTE FERMOSSO PASO QUE UN

EMPERADOR FIXO NA HONRA

DA SUA MULLER



DESPOIS DE VARIOS DIAS DA MINHA

VIAXE CHEGUEI A UNHA


CIDADE PERDIDA, CHAMASE:

"PETRA", COMO O SEU NOME

INDICA POR ESTAR EXCAVADA

NA PROPRIA PEDRA.

¡QUEDEI ABRAIADO!



LO GO FUN A MEXICO E NA
MINA RETINA QUEDOU ME

GRABADA COMO BAITA BA

A SERPE EM PLUMADA

DA PIRAMIDE DE
CHICHEN ITZA



SEGUIN A MIÑA RUTA E

ATOPEP EN BRASIL UNHA

ESCULTURA NO ALTO DUNHA

COLINA. ERA O

CRISTO REDENTOR.

FEITO DE FORMIGÓN ARMADO.

ESABEDES QUE ?

UN RAI O ROMPE UL LE UN
DIDO



HOXE REMATEP A MIÑA
VIAXE EN PERÚ. DESPOIS
DE MOITO ESFORÇO,
SUBINDO E SUBINDO,
ATOPEIME NA CIDADE DE
MACHU PICHU



AGORA QUE XA
COÑEFO AS F
MARAVILLAS, VOU A
DESCUBRIR OS TESOU
ROS DA NOSA TERRA

VAL. INFANTIL



OS MAYAS

OS MAYAS



VIVIAM EN AMERICA DO NORTE (ME + OLO) →



A VESTIMENTA ERA MUI COLORIDA E FUNCIONAL. CON XOIAS, PLUMAS E MAQUILLAXES.

CONSTRUIRON
ALGADAS CON
TEMPLOS. O
QUE MAIS
VOS GUSTA
EA PIRA
CHICHEN
ITZA.



COM CHEGADA DO
EQUINOCIO



DA PRIMAVERA
PRODUCESE UN XOGO

DE LUCES E SOMBRAS
QUE PARCEM UNHA SERPE.



OS MAYAS
 CULTIVABAN
 PESCABAN
 E CAZABAN
 PERO O QUE
 MAIS QUE
 COMIA
 MAL ERA
 ALZ.


PARA
 ESCRIBIR
 USABAN
 XEROGLIFICOS



ESCOLA DE
 PEDROSO



AS PIRÁMIDES DE EXIPTO




O RÍO NILO PERCORRE EXIPTO AXENTE E VP UPANA MARXES DORÍO



EN EXIPTO HAI MÁIS DE 140 PIRÁMIDES

AS 3 MAIS IMPORTANTES SON AS DE GIZAH





ERAN TEMPLOS FUNERARIOS
 NOS QUE ENTERRABAN
 AOS FARAÓNS.





MODIFICABAN AO
 FARAÓN E METÍAND
 NUN SARCÓFAGO




CORTABAN OS BLOQUES
 E LEVÁBANS POLS NILOS EN
 BARCAS

PARA FACILAS EMPREGABAN
 ARENISA, GRANITO E
 CALIZA.




EMPREGABAN RAMPAS

XEROGRÍFICOS



PARA LEVAR E COLOCAR
 AS PEDRAS



DOMIÓNS

OS ROMANOS

≠ ACIAR



ACUEDUCTOS



FAROS

MILIARIO




CAVEZADAS

PONTES



TERMAS



ANFITEATROS



ESTE

ES

UN

COLISEO

HABIA

FERAS

GLADIADORES


E STIVERON EN GALICIA

DEIXARON OS.

A LINGUA: O G# LE G O



TORRE DE HÉRCULES



A PONTE DE OURENSE



CALZADA E MILIARIO



TERMAS



MURALLA DE LUGO



DOMIRÓN
3 ANOS

NÓJEN LUGO

A CULTURA CASTREXA


O EXTERIOR DUN CASTRO

O castro soe ter unha forma circular adaptándose ás curvas de nivel do terreo. Pode ter unha

ou máis murallas

feitas de pedra ou terra.


As defensas completáanse con foxos e parapetos que rodean a muralla.




O INTERIOR DUN CASTRO

No interior do castro distribúense as vivendas, normalmente son circulares, pero tamén as hai cadradas.


Na etapa final da época castrexa as casas agrúpanse por familias en torno a un patio.








2º Ed. Primavera

A vivienda construída era de pedras, mas também de barro ou de madeira.



A sociedade castrexa
estaba xerarquizada,
dirixida por un príncipe.

Os restos que conseruamos:
armas, estatuas de xefes
militares... dinhos que
eran pealos guerreiros.



Vivían sobre todo
de agricultura
plaos, cereais...
e de gandaría
vacas, ovellas, cabras e porcos.

SADAS

E

EXCURSIONS



EXCURSIÓN A LUGO

O día 30 de marzo fomos todos os nenos e nenas de Primaria a unha excursión a Lugo .


Primeiro
fixemos unha
camiñata pola
muralla é despois
tomamos a parva
na porta da
Catedral.



Despois fomos
ao castro de
Viladonga e a

guía ensinounos todas as cousas que encontraron da xente que vivía nos castros e deunos a todos un papel , nese papel estaban as fotos deses obxectos e tiñamos que buscalos por todo o museo e irilles poñendo os nomes . Cando atopamos os obxectos deunos un libro como agasallo .

A continuación, xa fóra do museo,
ensinounos os restos dos castros e
díxonos que os descubriran cavando e



cavando . Logo ensinounos unha cova onde había un musgo luminoso.
Despóis fixemos un taller de cerámica .

Cando rematamos todas as actividades comemos nos xardíns do castro e repousamos e xogamos un pouco.

Veú o bus buscarnos e logo fomos a un sitio que se chama O Pedregal, estivemos xogando e sacando fotos e tamén a miña profe nos contou unha lenda sobre a meiga Irimia. Fomos alí para ver onde nacía o Río Miño.

Despois fomos a Fontemiña onde vimos como medraba o Río Miño, porque alí colle máis auga e sacamos tamén unhas cantas fotos e demos un paseo arredor do río.

Para nós foi unha experiencia inolvidable!



A COCIÑA ECONÓMICA

O luns 3 de abril fomos á Cociña Económica os nenos e nenas de 3º de Primaria. Fomos alí por un proxecto que estabamos facendo. Días antes fomos á Cooperativa facer unha compra para levarlles alimentos, xa que Antonio, o Presidente, díxonos, cando veu ao colexio, que se encargan de dar comida ás persoas con poucos recursos.

Veunos buscar un microbús á escola do Val e levounos ata a oficina de

Correos. Alí

baixamos do

bus e miramos

o plano que

tiñamos para

facer ben o

percorrido, xa

que desde alí

fomos

camiñando ata




a Cociña Económica: primeiro fomos á Rúa da Igresa, á dereita, seguimos por esa rúa ata a Rúa Rubalcava, alí xiramos á esquerda e continuamos por esa rúa, pasamos a Praza de Armas e continuamos pola Rúa Rubalcava ata chegar á Cociña Económica.

Ali estaba esperándonos Antonio, e ensinounos a cociña, o comedor, a secretaría e a sala de espera, todo excepto o almacén que estaba inundado.

Despois presentounos ás traballadoras e saudámolas.

En agradecemento pola nosa xenerosidade e porque lle dixemos que comiamos moita froita invitounos e tomamos chocolate con churros.

Cando acabamos a visita fomos ata a Praza de Armas, xogamos un pouquiño e logo fomos ata Correos outra vez para esperar o bus e volver á escola.



Gustounos moito e algún día volveremos!

MUSEO DE BELAS ARTES

O día 16 de novembro realizamos unha saída ao Museo de Belas Artes da Coruña .

Ao chegarmos alí o primeiro que fixemos foi tomar a parva preto da Torre de Hércules .

Cando rematamos subimos ao bus e xa fomos ao Museo, que non está lonxe.



Primeiro sentáronnos na escaleira, fixéronnos algunhas preguntas e sacáronnos unhas fotos.

A continuación, recorreremos varias salas e ensináronnos un mantón de cadros. Logo puxéronnos en grupos e déronnos un puzzle a cada grupo, dun determinado cadro, para facelo.


Cada cadro que nos ían ensinando, contábannos a lenda ou a historia, a que máis nos gustou foi a de Cupido. Esináronnos cadros abstractos e de moitas outras clases e tamén figuras.

Por último fixemos un taller de debuxo e pintura.

DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

O día 7 de abril fomos celebrar o día mundial de concienciación sobre o autismo. O bus deixounos no porto de Ferrol (xardín da Ranita) para xuntarnos alí con outros colexios que tamén acudiron ao acto.

Logo fixemos unha camiñata ata a Praza de Armas. Alí Susana repartiu uns papeis que poñían: "Rompamos xuntos barreiras polo autismo". Efectivamente rompemos os papeis para simbolizar o



derrubado das barreiras. Algúns nenos e nenas con autismo falaron polo altofalante dicindo frases para facernos pensar e coñecer máis sobre o autismo. Temos que dicir que non se escoitaba moi ben o que dicían, así



que proporemoslle á organización que nos próximos anos melloren isto. A continuación, soltamos globos azuis.

Ao finalizar o acto na Praza de Armas fomos ata Correos para

que o bus nos trouxera de volta ao colexio. Estamos sempre todos e todas moi felices acompañando neste día ao noso amigo e compañeiro Lucas e tamén ao resto de nenos e nenas doutros colexios e institutos.

AMIGUINOS

CARMELA AVESTRUZ VIVE
NA SELVA AFRICANA COM
OUT ROS ANIMAIS PER
CARMELA NON QUERE
FALAR CON ELES.



DOMIRÓN 4 ANOS



ADAPTAÇÃO

DE

MARILUZ

AVESTRUZ

OS SEUS PAPYS DÍNLE QUE
TENQU E LEVARSE BEN CON TODOS.
PERO CARMELA AUE
STRUZ E MOZ ORGU LOSAE
PENSA QUE ESPECIAL POLO
SE VA SPECTO



CARME LA ESTABA CANSA
E PUXOSE A DURMIR
METENDO ACABEZA NUN BURATO..

CANDO DESPERTOU NON
PODIA SACAR A CABEZA FORA

BERROU PEDINDO AXUDA

OS SEUS PAIS FORON AXUDALA
PERO... NON PODERON!
LIBERAL A



ENTON CHEGARON OS
ANIMAIS DA SELVA...

FIXERON UNHA CADEIA
E TIRARON ENTRE TODOS

POR FINSAIU ACABE
ZA DO BURATO.

CARMELA
SORPRENDEUSE

COMO TODOS A AXUDARON
DENDE ESE DIA SABE
O IMPORTANTE QUE
E TER AMIGOS.



FIN

O DIAMANTE PERDIDO

Había unha vez, fai centos e centos de anos, unha castroixa chamada Irimia que vivía no castro de Viladonga. Irimia facía cacharros con barro e os utilizaba para: coller auga, gardar alimentos, decorar, etc.

Un día foi plantar trigo e, mentres facía os buratos, atopou algo moi duro... Pensou que era unha pedra pero, cando se achegou descubriu algo brillante. Sabedes que era?

Un diamante! Irimia, sorprendida, marchou para o casa e agochouno nun xarón. Chegou a noite e foise a durmir cun sorriso polo regalo que tivo.

Ao día seguinte, cando amaneceu ergueuse e atopouse unhas pegadas de terra moi estrañas... foi na procura do diamante pero xa desaparecera. Así que, apurada, saiu a buscar o seu diamante na terra cando, de súpeto, estivo dentro dun burato enorme e apareceu nun lugar descoñecido para ela: o laboratorio dun superdetective. Quedou abraiada polas cousas que alí atopou. Viu como se acercaba un rato de cor marrón claro, vestido

unha chaqueta verde e un pantalón vermello. Traía na man un aparello para falar a distancia coa xente e, na outra, unha lupa. A Trimia chamoulle a atención que levara unha piruleta no bolsillo.

Trimia preguntábase que sería todo aquilo?
Onde estaba?

I: Quem eres ti? Que fago aquí?

J: FUNCIONOU! A máquina da tempo funcionou!

Trimia explicoulle o sucedido e Terri ofrécuse para axudala a atopar o diamante.


Nun tempo futuro... nun mercado da cidade, un famoso cantante chamado Michael Jackson mercou unha peza brillante para o colgante. Irimia e Jerri abriron un portal para viaxar no tempo ao futuro e descubriron o diamante no colgante de Michael.

J: Onde conseguiche ese famoso diamante?


M: Nunha praza, no mercado da vila.

Jerri e Irimia observan pegadas de terra como as atopadas no castro. Jerri observa coa lupa e berra: É dun 43!

Seguiron as pegadas e atoparon a un pirata intentando roubar un loro na tenda de animais, así que, Jerri disfrazouse de pirata para que Gafis confesara o roubo.







Garfo confessa e o apresam. Trímia e Terri volvem
xunto Michael e lle contano que sucedeu
Trímia ofrecele unha vasilla de gran
valor no futuro a cambio do diamante.

Michael acepta e facem unha foto de
recordo desta amizade coa cámara de Michael
capaz de viaxar no tempo.

M: Dicide pataca!

I: Que é unha pataca?

E COLORÍN, COLORADO ESTE CONTO

ESTÁ REMATADO.

ALUMNADO 1º EPCRA DE NARÓN (OVAL)



LETRAS GALEGAS 2017


CARLOS CASARES

Carlos Casares naceu en Ourense o 24 de agosto de 1941, pero aos catro anos marchou para Xinzo de Limia, onde o seu pai, Francisco Casares, traballaba de mestre. O futuro escritor vive nun ambiente entre aldeán e vilago, en permanente contacto cunha extensa familia espallada por distintos puntos da comarca. É un mundo que Casares recordaría sempre con gran viveza e que reaparecerá unha e outra vez na súa obra literaria. Alí inicia tamén unha relación moi natural co cine e coa radio, coa lectura e co fútbol, co xogo e cos xoguetes en miniatura que el mesmo constrúa.



En 1952 ingresa no Seminario de Ourense animado polo catolicismo da súa nai (e coa reticencia escéptica do seu pai, máis liberal). Foi alí onde o seu destino literario comezou a manifestarse. Carlos publicou no Seminario un periódico chamado *El Averno* do que, segundo declararía máis tarde, era "director e único redactor". O contacto cun profesor de Literatura, don Agustín Madarmás, foi decisivo no afianzamento da súa vocación de escritor. A partir dese momento, Casares devorou a moita literatura dispoñible no Seminario, ao igual que fixo con outros autores que lía nos veráns de Xinzo de Limia gracias ao subministro de Antonio Rodríguez, bibliotecario da vila, republicano e comunista, con cuxa amizade sempre se honrou Casares. Fóra xa do Seminario, e tras gañar un certame de contos, comeza a frecuentar os as tertulias literarias ourensás.

Os anos 60 comezan na vida de Carlos coa marcha de Ourense a Compostela para estudar Filosofía e Letras, onde entra rápidamente en contacto co grupo de estudantes galeguistas liderado por Ramón Piñeiro.



Tras uns dubitativos inicios poéticos, Casares publica en 1967 *Vento ferido*, un libro de relatos xuvenís. Un ano máis tarde gaña o primeiro concurso de relatos convocado pola Asociación "O Facho" con *A galiña azul*, un conto para nenos/os que foi unha obra pioneira na literatura infantil en galego. Nestes anos o Casares xornalista, aparece tamén de maneira sistemática nas páxinas de *La Región* de Ourense, nas que inicia a serie " " en colaboración co debuxante Siro.



A edición en Galaxia da súa novela *Cambio en tres*, 1969 coincide coa súa etapa como docente no Colexio público de Viana do Bolo. Ao pouco tempo é acusado de comunista, sendo experimentado e inhabilitado para a docencia en Galicia. Marcha para Bilbao. Entre Viana e Bilbao realiza a tradución de *O Principiño*.

En 1971 Casares coñece nun tren a quen será a súa muller, Kristina Berg coa que casará pouco despois en Ourense. A parella terá dous fillos. Nesta década dos setenta afiánzase como escritor coa publicación de títulos como *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* considerada como obra inaugural do teatro infantil en galego, recibindo o premio "O facho". En 1977 convértese no membro máis novo en ingresar na Real Academia Galega. Daquela vive en Cangas do Morrazo, aínda que non tardará en establecerse definitivamente en Vilaríño da Ramallosa no concello de Nigrán.



No ano 1982, Casares sae elixido deputado ao Parlamento de Galicia. Presentouse ás eleccións como "galeguista independente" nas listas do PSdeG-PSOE. Xogou un papel inportante na redacción da Lei de Normalización Lingüística. Pouco antes de rematar a lexislatura, no ano 1985, Piñeiro decide propo-
ner a Casares como director de Editorial Galaxia, cargo que desempeñará ata súa morte. A obra literaria de Casares empeza a interesar fóra de Galicia e a ser traducida ao castelán, e respondendo a unha invitación da Unión de Escritores da Unión Soviética viaxa en 1983 pola extinta URSS, impartindo conferencias e participando en seminarios xunto con outros escritores.

Foi en 1992 cando Casares empezou a publicar diariamente en La Voz de Galicia a súa columna "Á marxe". Grazas "Á marxe" Casares deixa de ser tan só un escritor coñecido e respectado para pasar a converterse nunha figura popular e querida. Nestes anos Casares continúa escribindo biografías, como as de Ramón Piñeiro, Ánxel Fole e Martín Sarmiento. Recibe importantes premios, tanto polo seu labor xornalístico como polas súas creacións novelescas. En 1998, *Un país de palabras* refrenda a súa rara calidade de ensaísta-narrador.



Ademais de dirixir *Galaxia* e a revista *Grial*, preside o PEN Clube de Galicia e o Consello da Cultura Galega, forma parte do Padroado da Fundación Caixa Galicia, dirixe os cursos de verán da Fundación Camilo José Cela, participa activamente na vida da Real Academia Galega, imparte conferencias, escribe prólogos, visita colexios e institutos, presenta libros e asiste a innumerables actos oficiais. O día anterior á súa morte entregou en Galicia a versión definitiva de *O sol do verán*. Morreu en Vigo o 9 de marzo do 2002.

BIBLIOGRAFÍA

Destacamos entre todas as obras publicadas polo autor as seguintes:

Narrativa

Vento ferido, 1967

Cambio en tres, 1969

Xoguetes para un tempo prohibido, 1975

Os escuros soños de Clío, 1979

Ilustrísima, 1980

Os mortos daquel verán, 1987

O galo de Antioquía, 1994.

Deus sentado nun sillón azul, 1996

Un polbo xigante, 2000

O sol do verán, 2002

Literatura infantil

A galiña azul, 1969

As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas, 1973

O can Rin e o lobo Crispín, 1983

Este é Toribio, 1991

Toribio contra o profesor Smith, 1991

Toribio e o contador de contos, 1991

Toribio ten unha idea, 1992

Lolo anda en bicicleta, 1996

A QUE XOGABAN?

ROMANO

A MORRA



¿COMO SE XOGA?

DOUS XOGADORES ESCONDEN UNHA MAN NA ESPALDA, CONTAN 3 E EXTENDEN OS DEDOS A AMOSAR. CADA XOGADOR DEBE ADIVIÑAR O NÚMERO QUE CREE QUE SUMARAN AS DUAS MANS.



SENEL

EXITO



1 TABOLEIRO
5 FICHAS PA CADA XOGADOR
1 DADO
POR TURNOS TIRASE O DADO E AVANZAS TANTAS CASILLAS COMO CHE MANDA ATA CONSEGUIR SACAR TODAS AS FICHAS DO TABOLEIRO
27 DEBES VOLTAR A 15, 26, 28, 29
DEBES SACAR O NÚMERO EXACTO.

SEDES

TAIJO ROCH

NECESITAMOS 1 BOTÓN
E UN CORDÓN

FACEMOLO XIRAR E ESTIRAMOS
E ENCOLLEMOS AS MANS

ASI ESCOITARALA
ZOAR

MAYAS



TANGUT

UN XOGADOR É ARAIÑA

OUTRO XOGADOR O APICULTOR

O RESTO ABELLAS OBREIRAS

O APICULTOR DEBE COLLER

A RAIÑA. AS ABELLAS
DEBEN PROTEXER A

RAIÑA. O APICULTOR

PODE CAZAR AS


ABELLAS SE SE
SEPARAN DO GRUPO.

SE AS ABELLAS RODEAN O APICULTOR GAÑAN.




9 N DIA

ATOPA AS 5 DIFERENCIAS



AS 7 MARABILLAS DO MUNDO

MODERNO



1-ANTIGA CIDADE INCA

2-O TAJMAHAL ERA UN...

3-ANFITEATRO ROMANO

4-ONDE ESTÁ CHICHEN ITZÁ

5-MIDE 21.196 KILÓMETROS.

6-EN QUE PAÍS ESTÁ O CRISTO REDENTOR

7-CIDA DE ESCULPIDA EN PEDRA.

A T O P A A S P A L A B R A S
R E L A C I O N A D A S C O
C A S T R O D E
V I L A D O N G A


L	H	N	P	B	E	Æ	I	V	D
A	✓	S	D	C	J	L	U	G	O
Z	H	C	A	S	T	R	D	M	S
Z	M	I	X	P	✓	L	H	I	F
A	O	W	L	T	O	R	Q	U	F
C	E	B	S	F	W	A	C	T	K
L	D	M	U	J	I	✓	P	M	I
F	A	Q	Æ	E	X	T	✓	B	Æ
X	R	I	K	A	N	F	O	R	A
A	E	✓	L	I	J	L	S	E	M

LUGO **ARQUEÓLOGO** **LANZA**
CASTRO **MOEDA** **TORQUE**

O NOSO CONTO DE

"A GALIÑA AZUL"

Este ano, para participar no Certame Intercentros que organiza o Concello de Narón có gallo das Letras Galegas 2017, e aproveitando que este ano se lle dedica o día ao noso benquerido Carlos Casares, decidimos que os nosos murais para a participación no Certame ían compoñer entre todos un dos contos máis coñecidos do noso Carlos. Ahí volos deixamos!



DOMIRÓN 3




VAL 1º PRIMARIA





VAL 2º PRIMARIA


VAL 4º PRIMARIA



VAL 3º PRIMARIA



CASTRO



DOMIRÓN 4




VAL 3

SEDES




Letras Galegas 2017



Carlos Casares

Ata o ano que vén lectores e lectoras....



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

Subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística